

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vista a Resolución de concesión dunha subvención, de data 15 de abril de 2019, da Xefa do Departamento Territorial en Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, a través da que se concede unha subvención para a contratación de 1 condutor operador de maquinaria forestal e 3 traballadores forestais a xornada completa por un período de 9 meses para a obra/servizo Conservación Forestal..

Vista a urxente necesidade de realizar estas contratacións co fin de cumprir os obxectivos establecidos na resolución da concesión da devandita subvención, na que o último día para o inicio da obra/servizo denominada Conservación Forestal é o 15 de maio.

Vistas as bases de convocatoria que regulan o proceso de selección de carácter laboral temporal de **1 condutor operador de maquinaria forestal e 3 traballadores forestais a xornada completa** para o Concello de Mondoñedo, aprobadas por Xunta de Goberno Local de 23 de abril de 2019.

Vista a Base Quinta na que se establece que rematado o prazo para presentar as instancias, a Alcaldesa aprobará, a lista de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo da exclusión.

Durante un día hábil seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os excluídos poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a solicitude de subsanación ou reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

En virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos e excluídos coa especificación, de ser o caso, do motivo da exclusión:

CANDIDATAS/OS INCLUÍDOS CONDUTOR OPERADOR MAQUINARIA FORESTAL

APELIDOS E NOME	DNI
1.- CABADO RICO, ÓSCAR	76 569 220 N

Segundo.- Elevar esta listaxe provisional a definitiva, dado que non hai candidatos/as excluídos/as.

Terceiro.- Designar como membros do Tribunal Cualificador:

Presidente: Jesús López Díaz (Funcionario Auxiliar Administrativo)

Secretaria: María Remedios Rego Villalba (Funcionaria Administrativa do Concello)

Vogais:

David Cornide Rivas (Funcionario Policía Local)

María Concepción Crespo González (Funcionaria Auxiliar Administrativo)

Alberto Pérez Cuba (Empregado da Brigada de Obras Municipal)

Cuarto.- Convocar aos membros do Tribunal Cualificador o vindeiro luns 13 de maio de 2019 ás 09.30 h para a constitución do tribunal e a oportuna baremación de méritos, é ás 10.00 h. no antigo Cemiterio Municipal, situado na Rúa Julia Pardo, s/n, 27740 Mondoñedo, para a proba da fase de oposición.

Quinto.- Convocar aos **candidatos/as incluídos/as** para a realización da **fase de oposición** o vindeiro **luns 13 de maio de 2019 ás 10.00 h.** no antigo Cemiterio Municipal, situado na Rúa Julia Pardo, s/n, 27740 Mondoñedo, para a proba da fase de oposición.



Praza do Concello, 1
27740 Mondoñedo (Lugo)

Sexto.- Os candidatas que deberán superar a proba de galego, no caso de superar o exercicio da fase de oposición son os seguintes:

1.- CABADO RICO, ÓSCAR

76 569 220 N

Séptimo.- Ordenar a publicación da lista nos termos recollidos nesta convocatoria.

Así o ordena e asina a Sra. alcaldesa.
Mondoñedo, na data de sinatura

A Alcaldesa
M^a. Elena Candia López

Ante min,
a secretaria-interventora
Ruth López-Mosquera García

(documento asinado dixitalmente a marxe)